

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 3 de marzo de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 03/03/2021
- II. Asistentes á CGIC do 03/03/2021
- III. Rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos
- IV. R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2020.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

- 2. Informe do Coordinador.**

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade dende a anterior sesión da CGIC:

- **Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola:**
 - ✓ O 23 de febreiro de 2021 tivo lugar a visita do Comité externo da ACSUG vinculada ao proceso de renovación da certificación. A sensación foi moi boa. Na valoración final o presidente da comisión soamente sinalou varios temas menores, algúns dos cales xa foran respondidos nas audiencias previas.
 - ✓ Estase á espera da recepción do informe final.
 - ✓ O Coordinador agradece aos membros da Comisión de Calidade a súa participación e colaboración.
- **Xestión de acordos previos :**
 - ✓ **Indicadores:**
 - 18 decembro 2020: achegouse e-mail ao coordinador da UAP coa petición dos dous indicadores propios de centro aprobados na Comisión de Calidade do 16 de decembro para a súa incorporación ao Panel de Indicadores.
 - 21 decembro 2020: resposta do coordinador da UAP sinalando que
 - Indicador I04(2)–AC Porcentaxe de mulleres matriculadas en novo ingreso na titulación: xa calculado e publicado no Portal de Transparencia (ao máximo nivel de desagregación publícase por sexo, por estudo de acceso e por modalidade de ingreso para cada titulación).
 - Indicador I07(2)–DO: queda a disposición da Área de Calidade que é a encargada das enquisas ás persoas tituladas.
 - ✓ **Accións Formativas:**
 - 18 decembro 2020: achegouse e-mail á **Área de Innovación e Formación Educativa** trasladando o documento de necesidades e propostas de accións formativas aprobado na Comisión de Calidade do 16 de decembro (R3-PE02), solicitando que as propostas foran tidas en conta e achegando tres Fichas para as accións formativas propostas (R4-PE02).
 - 22 decembro 2020: resposta da Área de Innovación e Formación Educativa indicando que a partir da solicitude da EEME e das recibidas doutros centros elaborarán unha proposta de cursos de formación que se presentará á mesa de Negociación do PDI para a súa aprobación.
 - 04 xaneiro 2021: acuse de recibo da **Escola Aberta de Formación Permanente** e chamada da súa directora pedindo detalles e suxestións.
- **Comunicacións da Área de Calidade:**
 - ✓ 26 febreiro 2021: Información relativa á participación por titulacións nas Enquisas de Avaliación Docente (EAD), modalidade en liña, correspondentes ao 1º cuadrimestre do curso 2020-2021 ata o 25 de febreiro. Previamente achegaron a participación acadada ata o 9 de febreiro. Comunican a ampliación do prazo ata o 2 de marzo e piden a colaboración do centro para acadar unha maior participación do alumnado nas enquisas.

Participación nas EAD ata o 25 de febreiro (titulacións da EEME)				
Código	Titulación	Participantes	Potenciais	%
V09G290V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	192	624	30,77%
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	29	194	14,95%
V09G310V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	65	217	29,95%
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	68	170	40,00%
V09G311V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0	14	0%

- ✓ Artigo de prensa relativo aos resultados de valoración do profesorado nas EAD do curso 2019/2020: o profesorado do Grao ERME obtivo a mellor puntuación da universidade e o do Grao EE a sexta mellor.
- ✓ 2 marzo 2021: posta en marcha das Enquisas de Satisfacción coas titulacións oficiais de grao e máster:
 - profesorado que imparte docencia nas titulacións
 - alumnado de grao que se matricula por primeira vez en 3º curso
 - alumnado de máster que se matricula por primeira vez no último curso.
- ✓ O prazo remata o 31 de maio.
- **Rexistros na plataforma do SGIC 2019-2020:**
 - ✓ 18 decembro 2020: publicación dos rexistros aprobados na Comisión de Calidade do 16 de decembro e peche dos rexistros pendentes.
 - ✓ 18 decembro 2020: obtención do informe de xestión das QSP do curso 2019-2020.
 - ✓ 21 xaneiro 2021: publicación na web do centro do rexistro R3-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2019/2020) elaborado pola dirección incluíndo reconto e resumo das QSP achegadas e as respostas dadas. O coordinador o comenta brevemente e sinala que a súa análise farase con máis detalle no IRPD.
- **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC 2020-2021:**
 - ✓ R1-IA01 Listaxe de necesidades de recursos e servizos
 - ✓ R1-DO0301 P1 Verificación / chequeo de información pública
 - ✓ R1-DE03 Informe de Revisión pola Dirección
 - ✓ R1-DO0101 Modificación Titulacións (*prazo declaración de interese ata o 12 de marzo*)
 - ✓ R2-DO0101 Acreditación Titulacións
 - ✓ R1-DO0102 Informe anual seguimento Titulacións.

O coordinador sinala que os dous primeiros van tratarse nesta sesión e o terceiro na próxima (estanse a recompilar os datos necesarios). Os outros non proceden para ningunha das titulacións do centro agás a posible modificación da titulación de máster; de tódolos xeitos, a dirección considera que é máis axeitado adiala un ano máis para que a súa implantación coincida co curso seguinte ao de finalización dos estudos de grao da primeira promoción dos títulos modificados.

3. Aprobación, se procede, do rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.

A Presidenta sinala que se trata dun rexistro relativo á distribución de créditos do orzamento correspondente ao ano 2021. Aclara que o documento foi elaborado por ela mesma e Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, en colaboración con Ana Cacheiro, Administradora do ámbito. Cede a palabra a Francisco Deive, que comenta brevemente os principais apartados e sinala que se manteñen os criterios de distribución do ano anterior.

Apróbase o rexistro por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.

A Presidenta sinala que este rexistro consiste nun chequeo do estado da información pública do centro. Sinala que Francisco Deive, como novo membro do equipo directivo, levou a cabo unha revisión da accesibilidade á información pública seguindo o *check list* recollido no novo procedemento **DO0301 Información pública e rendemento de contas**. Tomando este informe como punto de partida, a Directora e o Coordinador de Calidade elaboraron o documento final. O comenta brevemente e suxire a posibilidade de pedirlle ao alumnado que faga un chequeo similar para mellorar a accesibilidade da web.

A Comisión aproba o rexistro por asentimento.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 35 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a tres de marzo de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 03/03/2021



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 03/03/2021



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 3 de marzo de 2021	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado



ANEXO III

Rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos

do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos



ANEXO IV

R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.